

ACTA DO CONSELLO DE GOBERNO DE 23 DE FEBREIRO DE 2017

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no anexo I e coas persoas asistentes que se relacionan no anexo II.

Xustifican a súa ausencia Isabel Novo Corti, Manuel Reyes García Hurtado, José Manuel Sobrino Heredia, Laura Milagros Castro Souto e Sonia Souto Camba.

1. Informe do reitor

O reitor comeza dando conta de que o pasado 30 /01/2017 deron comezo as obras de reforma no centro Calvo Sotelo, da Deputación da Coruña, para a residencia da UDC (118 prazas en 60 cuartos), que contará cunha entrada independente desde a rúa. Agarda que se cumpran os prazos de execución previstos (9 meses).

Informa tamén da nota emitida pola CRUE acerca da situación dos bolseiros FPI-FPU após a transformación dos seus contratos. Indica que a CRUE demanda a promulgación dun RD específico que resolva de forma definitiva o encadramento destes contratos dentro da Lei da ciencia e da lexislación laboral.

Traslada ao Consello que foron interpostos tres recursos contencioso-administrativos idénticos contra a CEPREA e que a suspensión cautelar do proceso electoral a departamentos solicitada polos demandantes non foi estimada, impoñéndose en dous casos aos recorrentes as custas procesuais. O proceso de racionalización segue adiante con plena normalidade.

Pola súa parte, o **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** (VPCIT) trasladou ao Consello a concesión á Universidade do selo de calidade HRS4R (Human Resources Strategy for Researchers).

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** (VPPD), informou dos seguintes asuntos:

- Que o 26/01/2017, das 17 licenzas para os efectos de docencia e investigación de tres ou máis meses, que foron aprobadas no último Consello de Goberno, había catro que quedaron condicionadas a que se presentase a documentación xustificativa pendente. En tres destas solicitudes achegouse a documentación requirida, e un dos solicitantes renunciou á súa petición debido a que non vai tramitar a solicitude de axuda do subprograma de mobilidade.
- Que o 06/02/2017 se autorizou a contratación por lista da agarda 16/5007 dun/unha profesor/a asociado/a T1 a tempo parcial P06 na área funcional de Podoloxía do Departamento de Ciencias da Saúde, durante a baixa por IT de dúas profesoras da área ou ata a finalización do curso académico 2016/17.

– Que o día 06/02/2017 se autorizou a contratación por lista da agarda 16/1011 dun/unha profesor/a contratado/a interino/a de substitución a tempo parcial P06 na área de coñecemento de Fisioterapia do Departamento de Fisioterapia, durante a baixa por IT dunha profesora da área ou ata a finalización do curso académico 2016/17.

A **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria (VEPEU)** deu conta de que o pasado 11 de febreiro, co gallo da celebración do Día da Muller e a Nena na Ciencia, a Unidade de Divulgación Científica e Cultural celebrou o día cun ciclo de charlas curtas impartidas por profesoras e alumnas da UDC, que falaban da vida e dos logros científicos de diversas pioneiras en diferentes campos da ciencia.

Informou tamén sobre a publicación da convocatoria das axudas para realizar xornadas divulgativas e conferencias e a realización de cursos de verán. Tamén se publicou a convocatoria de axudas a programas de actividades estudantís. Tamén foi publicada a relación definitiva de persoas adxudicatarias e a listaxe da agarda das bolsas-prácticas Fundación Once-CRUE. Comentou que a Fundación adxudicou unha bolsa máis para a UDC, sendo 6 no canto de 5.

E, finalmente, informou de que está case aprobada a solicitude dunha subvención nominativa por un importe de 200 000 € da Deputación da Coruña, destinada ao financiamento da renovación do estadio do Campus de Elviña. En concreto, a renovación da pista de atletismo e mellora da accesibilidade e o acondicionamento interior do ximnasio. Con esta axuda e por medio do Convenio do Concello da Coruña, teríamos medio millón para renovar o Estadio do campus de Elviña.

A **vice-reitora de Internacionalización e Cooperación (VIC)** comezou dando conta da publicación da convocatoria de axudas para a internacionalización que, como en anteriores convocatorias, inclúe catro accións: Acción I para a preparación de proxectos dentro do programa Erasmus +; Acción II, para o establecemento e seguimento de titulacións duplas ou conxuntas; Acción III, para a mobilidade dos docentes das titulacións que teñen programas de docencia en inglés; Acción IV, de axudas para a organización ou docencia en cursos que promoven a proxección internacional da UDC.

Trasladou tamén que o día 2 de febreiro se enviaron as solicitudes do proxecto K103 do programa Erasmus+ que financia a mobilidade de estudantes, profesores e persoal de administración e servizos. Tamén se enviou a solicitude K107 que financia mobilidades similares con países de fóra do espazo Erasmus. En concreto, a solicitude K107 incluíu distintas institucións de educación superior de Albania, Armenia, Alxeria, Camboxa, Xeorxia, México, Moldavia, Palestina e Tunisia.

Informou tamén de que o día 15 de febreiro rematou o prazo para os docentes estranxeiros ofertaren cursos dentro de marco da *International Summer School* da

UDC. Recibíronse máis de 20 ofertas de cursos. Nos próximos días abrírase o período de matrícula para os estudantes.

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** deu conta, en primeiro lugar, da aprobación da *Guía para o seguimento e acreditación dos títulos oficiais de doutoramento*. A semana pasada enviouse unha copia aos coordinadores dos programas. O prazo de presentación da documentación rematará o 30 de abril. Tamén informou do VII Foro de Innovación Universitaria. Débese terse en conta que o prezo de inscrición antes do 15 de marzo para os membros da comunidade universitaria é de 200 euros. Cómpre lembrar que o 20 de marzo remata o prazo para a presentación de comunicacións. E, finalmente, trasladou que o día 16 de marzo dará comezo o ciclo de xornadas «O título de doutor a análise: carreira profesional e investigadora». Estas xornadas están dirixidas aos estudantes de doutoramento e terán a consideración de actividade de formación transversal. O primeiro obradoiro: Doutores fóra de hospitais, universidades e centros de investigación, será impartido por Joaquín Soucheiron, asesor empresarial de bwcom.

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** Domingo Calvo Dopico, informou dos seguintes temas:

1º Informou da última reunión da Comisión de Asuntos Económicos en que se aprobaron as seguintes imputacións e validacións:

- Imputacións e validacións

Imputacións:

- Informe **V-001-17** do 17/01/17 e importe **8658,30€**
- Informe **V-002-17** do 25/01/17 e importe **17 445,68€**
- Informe **V-003-17** do 31/01/17 e importe **4038,50€**
- Informe **V-004-17** do 09/02/17 e importe **80 313,00€**
- **Total imputado: 110 455,48€**

Validacións:

- Informe **C-001-16** do **16/02/17** e importe **286 469,91€**
- **Total validado: 286 469,91€**

2º Vaise crear un grupo de traballo para avanzar na redacción dun Manual de xestión orzamentaria. Os obxectivos deste manual son a unificación de criterios para a xestión económica e a fixación de procedementos que permitan mellorar a xestión económica nos centros, institutos ou centros tecnolóxicos. Así, vanse tratar cuestións do tipo de clasificación económica e funcional das partidas como pode ser o caso das reparacións do ESCI, se debería ir á conta 422D ou á 541A ou se o gasto de inmovilizado ten unha vida útil superior ou inferior a un ano.

O grupo de traballo estará formado pola Vicerreitoría de Economía, vicexerencias de Ferrol e A Coruña, Servizo de Intervención, Servizo de Xestión Económica, Servizo

de Xestión Financeira e dous responsables de centros da Coruña e Ferrol respectivamente. O ritmo de traballo será semanal. O grupo de traballo foi constituído o mércores 1 de marzo. Igualmente, consultaráselles a outras persoas, con experiencia na xestión económica, a posibilidade de contribuír para mellorar a redacción deste documento.

3º Obras na Residencia Universitaria

Continúan a un bo ritmo. A Universidade da Coruña coordínase coa Deputación para realizar o seguimento das obras por medio do director de obra. Neste sentido, a Universidade aporta a dirección de obra por parte do arquitecto gañador do concurso da licitación, D. Adrián Martín Prieto que se coordinará co Servizo de Obras e Urbanismo tanto para as cuestións de obra, como de electrificación e mantementos.

A Universidade xa está traballando no plan de equipamento das habitacións e das salas comúns. Se ben aínda non hai unhas especificacións concretas estase a avaliar aula de estudo, sala de ocio ou reunións, e sala de estar. Tamén contaría cos servizos engadidos de comedor e lavandería.

Informou tamén de que non se inclúe nos orzamentos de 2017 o Convenio de Servizos Postais coa Xunta de Galicia, xustificando como medida de aforro.

A **vice-reitora do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social (VCFRS)**, deu conta da realización no campus de Ferrol da fase autonómica da First Lego League, que incluíu unha visita aos centros universitarios.

Deu conta tamén da realización pola Oficina de Igualdade en colaboración co Concello de Ferrol, do programa «Unha científica visita o noso cole», de visitas aos centros escolares de profesoras e investigadoras da UDC.

Finalmente, informou da convocatoria, en colaboración coa Fundación La Caixa, do programa de *mentoring* para persoas con discapacidade.

O **secretario xeral** informou da realización, o pasado 9 de febreiro, das eleccións a representantes de PAS, profesorado e alumnado nas Xuntas de centro e Consellos de departamentos e de alumnado no Claustro Universitario, salientando a alta participación, mesmo a pesar de certas dificultades técnicas e agradeceulles ao PAS e aos membros da Comisión Electoral Central o seu traballo. Sinalou que o calendario electoral continuará coa eleccións das direccións de departamentos (convocada para o día 28 de marzo) e de centros (para a semana do 3 ao 7 de abril).

O **xerente**, de por parte, dou conta dos seguintes asuntos:

– Da publicación da Resolución da Xerencia do 20/02/2017 pola que se modifica o artigo 5º da Resolución da Xerencia do 2/06/2016 pola que se regula o

procedemento para a cobertura temporal de postos de traballo do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña.

- Que mediante a Resolución da Xerencia do 2/06/2016 se regulou o procedemento para a cobertura temporal de postos de traballo do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña conforme aos principios de publicidade, mérito e capacidade.
- Que coa experiencia na aplicación desta norma e coa vontade de mellorar a prestación do servizo dos centros e unidades administrativas desta universidade, se considerou necesario modificar o precepto que regula a denominada «mellora de emprego». Despois da negociación cos órganos de representación do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña, o día 20/02/2017 publicouse a Resolución da Xerencia pola que se modificou o artigo 5º en aspectos concretos relativos ao seguinte:
 - duración da interinidade prevista
 - permanencia no posto que se está a desempeñar e
 - a clarificación de dúbidas interpretativas

Débese sinalar o talante negociador da representación do persoal nesta negociación así como a vontade de revisar este precepto no caso de que se sigan a producir disfuncións na correcta prestación do servizo.

- Da aprobación da Resolución reitoral do 22/02/2017, en relación coa tramitación dos gastos de indemnizacións por razóns de servizo: a regulación vixente das indemnizacións por razón de servizo na Universidade da Coruña contense na Resolución reitoral do 16/07/2002, coas actuacións posteriores da Instrución do 15/10/2005, da Instrución complementaria do 18/02/2015, da Instrución do 14/04/2015, coa Nota aclaratoria do 17/04/2015 e da Instrución do 10/06/2016.

Por tanto, dado o tempo transcorrido e a variedade de normativa de aplicación na materia, o que cómpre é consolidar a normativa sinalada nun único texto, por mor da súa mellor sistemática e coñecemento pola comunidade universitaria; porén, por razóns de urxencia e co fin de xestionar estes gastos cunha maior eficiencia, débense efectuar unha serie de adecuacións na regulación das indemnizacións por razóns de servizo mediante Resolución reitoral, que se resumen en:

- modificar o impreso de orde de servizo coa finalidade de que se indique a localidade de residencia, o posto de traballo e a localidade de posto de traballo do comisionado,
- establecer a obrigatoriedade de, caso de que o itinerario teña autoestrada, presentar os recibos xustificativos do peaxe, e
- establecer que se elabore neste exercicio, un texto consolidado da normativa de aplicación.
- Da Convocatoria de actividades formativas do PAS para 2017: o pasado día 20/02/2017, publicouse na correspondente ligazón da web da Universidade da Coruña, a Resolución da Xerencia coa convocatoria xeral de formación para o PAS en 2017, xunto co cadro da formación que se oferta. Son, en resumo, un máximo de

859 prazas en 40 accións formativas. O prazo de presentación de solicitudes vai desde o día 20 de febreiro ao día 1 de marzo. Ao longo deste ano tamén se efectuarán as seguintes convocatorias:

- formación da Escola Galega de Administración Pública para as tres universidades galegas: 34 accións formativas para PAS das universidades e 42 accións formativas de teleformación.
- formación da Oficina de Software Libre
- formación de apoio á promoción interna
- axudas de matrícula na Aula de Formación Informática
- axudas de matrícula no Centro de Linguas

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 26 de xaneiro de 2017

A acta foi aprobada sen modificacións.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en dez convenios específicos (10), e cincuenta e cinco convenios para prácticas (55).

O Consello de Goberno aprobou a relación por unanimidade.

4. Proposta de modificación na Normativa que regula as ensinanzas oficiais de grao e mestrado universitario na UDC

A proposta foi presentada pola **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, Nancy Vázquez Veiga. A intención da norma é adiantar o nomeamento das comisións redactoras, co fin de que eses títulos poidan comezar xa cos traballos de implantación, en especial os de moda e videoxogos no campus de Ferrol. Trátase, segundo indicou, dunha modificación puntual a que seguirá, en próximos consellos, unha modificación completa da normativa para a adaptar ao novo Decreto da Xunta de Galicia.

Toma a palabra o director da Escola Universitaria Politécnica, profesor **Manuel Graña**, para preguntar que centro vai ser o encargado da parte administrativa deses novos títulos. Contesta o reitor indicando que a UXAI. Engade a vice-reitora que a titulación de moda dependerá da Facultade de Humanidades e videoxogos da Escola Politécnica Superior.

A proposta que figura como **anexo IV** foi aprobada por asentimento.

5. Informe favorable, se proceder, da proposta da Xunta de centro da ETS de Náutica e Máquinas sobre a nova denominación de titulación oficial

Presenta a proposta a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, sinalando que se trata de executar unha sentenza do Tribunal Supremo que obriga a eliminar a palabra 'enxeñaría' da denominación oficial do título. Segundo a proposta da Xunta de Centro, a nova proposta sería **Máster Universitario en Náutica e Transporte Marítimo**. Infórmase favorablemente.

6. Informe favorable, se proceder, sobre o documento marco do programa de aprendizaxe e servizo na UDC

O documento que figura como **anexo V** foi informado favorablemente, após de ser presentado pola **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**.

7. Procedemento de admisión á UDC no curso 2017-2018

A proposta, que figura como **anexo VI**, foi presentada pola **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, Margarita Amor**, quen informou de que o novo procedemento é o resultado dun acordo entre as tres universidades do SUG para manter o distrito único.

O **reitor** chama a atención sobre o atraso na aprobación do procedemento, por causas que non son responsabilidade da UDC.

O decano da Facultade de Ciencias, profesor **Moisés Canle**, indica que tamén se están a someter a aprobación uns parámetros de valoración diferentes a aqueles cos que contaba o alumnado ao escoller as materias en que se matriculou ao inicio do curso.

A **vice-reitora** lembra que a UDC tentou contar antes cos parámetros, mais foi imposible. O reitor sinala que as universidades xa tiñan pronta a táboa de ponderacións desde o mes de setembro. En calquera caso, acrecentou, agora vanse manter as vellas só co engadido das correspondentes ás novas materias.

A proposta foi informada favorablemente.

8. Proposta de modificacións de dedicación de PDI

A proposta, presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, por mor da maternidade dunha profesora da área foi aprobada, segundo figura no **anexo VII**.

9. Proposta de resolución de solicitude de cambio de área de coñecemento

A proposta de cambio de área do profesor Paolo Rungo, presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** foi aprobada, segundo figura no **anexo VIII**.

10. Proposta de autorización de licenzas de PDI

A proposta de autorización de licenza da profesora Verónica Robles García, presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada segundo figura no **anexo IX**.

11. Proposta do procedemento para a elaboración do Plan docente anual (PDA) 2017/2018

Na súa presentación o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, informou de que a proposta non conta co apoio da Mesa de PDI e incorpora as modificacións achegadas pola COAP. Subliñou os cambios que a nova proposta introduce a respecto da anterior:

- Inclúe como punto de partida do cálculo do PFSUG o custo estándar das horas de docencia por crédito (7 horas – 4 teóricas, 3 prácticas). Con todo, nas materias dos primeiros cursos preténdese incrementar a presencialidade da docencia (a diferenza dos últimos cursos, da docencia optativa e da de posgrao).
- Para incrementar a presencialidade do alumnado nas titulacións de grao, propónse un modelo que, en compensación, reduce ou elimina os grupos reducidos de titorías co fin de redistribuír as horas, a non ser que existan razón xustificadas que impoñan a súa continuidade.
- No cómputo das disciplinas optativas, como xa se viña facendo coas novas titulacións: 7 horas por crédito.
- Canto á docencia en inglés: dáse a opción entre crear novos grupos ou xerar horas de desconto.
- Norma provisoria para a semipresencialidade e docencia a distancia, similar á establecida para a docencia en inglés: na PDA só aparecerán as horas presenciais. A parte a distancia será recoñecida por medio de descontos ao profesorado.
- Cómputo de materias en estudos de mestrado: 7 horas por crédito.
- Indicou que no mes de marzo comezará o proceso de elaboración do POD de acordo coas novas normas.

Inicia o debate o decano da Facultade de Informática, profesor **Luís Hervella**, que se confesa confundido e preocupado polo documento. Di que no seu centro hai preocupación, en especial polo que atinxe á docencia de materias con elevada interactividade, en que só se computa a docencia correspondente a 12 semanas. Pregúntase se o proceso é realmente voluntario porque, de o ser, quen se vai acoller a un sistema que supón unha elevada perda de horas na PDA? A respecto do punto 3 da proposta, cuestiona que só haxa dous tamaños de grupo. Sobre o punto 5, expresa as súas dúbidas acerca da previsión de que non se impartan as mencións en graos con menos de dez estudantes. Maniféstase en contra da penalización das materias ou titulacións semipresenciais, por ir en contra da captación de alumnado de fóra. Pregúntase por que nos mestrados só se computan 7 horas por crédito, cando esa medida non se corresponde co esforzo real e dificultará a captación de

profesorado para os impartir. Sobre os mestrados interuniversitarios, cuestiona que computen de forma diferente o alumnado da UDC e o doutra universidades. En conclusión, pondo en dúbida o carácter voluntario da proposta, pide a súa retirada.

O director da ETSAC, **Fernando Agrasar**, tras subscribir a intervención anterior, manifesta que se a UDC ten un problema estrutural de financiamento, a solución non pode vir sempre pola vía de castigar as escolas técnicas e os centros con máis alumnado. De se aplicaren as novas normas, afirma, na ETSAC sobrarían 17 profesores. Mostra o seu desacordo con que os créditos de todos os mestrados da UDC computen apenas 7 horas, tamén coa penalización da semipresencialidade e a docencia en inglés.

Neste momento, o **reitor** toma a palabra para negar que haxa tal penalización, indicando que a semipresencialidade computa o 150 % –isto é, o mesmo que a presencialidade– e un 50 % máis, igual que a docencia en inglés. O único que se limita é a aparición de novos grupos. Continúa o profesor **Agrasar** dicindo que, mesmo no caso de ser así, a redacción é pouco clara e que, en definitiva, hai unha contracción da PDA.

Intervén a seguir a profesora **Susana Ladra** tachando a proposta de ambigua e pouco clara. O **reitor** sinala que do que se trata é de aplicar a recomendación da CRUE: que a docencia en inglés compute entre un 25 % e un 50 % máis. Prosegue a profesora **Susana Ladra** sinalando que os novos modelos de grupos non se corresponden con ningún dos xa existentes e solicita que haxa un desconto maior para os TFG nas titulacións en extinción (3,3 horas por proxecto, cando un TFM computa 15 horas).

A profesora **Fernanda Miguélez** di concordar con Susana Ladra e súmase ao que diga María Luísa Sánchez, presidenta da Xunta de PDI. Maníftase a prol de flexibilizar a forma en que se organizan os grupos, sempre que iso non supoña reducir persoal.

O director da Escola de Camiños, profesor **Ignasi Colominas**, súmase ás anteriores intervencións e explica as razón da súa oposición á proposta: (a) aféctalle ao profesorado, reducir a carga docente supón reducir o cadro de profesorado; (b) aféctalle ao estudantado: concorda coa flexibilización, mais cando se trata de titulacións profesionalizantes é difícil explicar os mesmos contidos en menos tempo; (c) desde 2005, a UDC vén experimentando recortes. Isto suporá perder competitividade fronte a outras universidades. Ao cabo, reducir as horas por crédito supón encarecer as taxas.

O profesor **Moisés Canle** chama a atención sobre as melloras introducidas logo do debate na COAP, sinalando que a proposta suxire mais non obriga. Lembra que a través do PFSUG estase a impulsar unha contrarreforma do plan Boloña (de 10 a 7

horas por crédito, de grupos pequenos a grupos maiores) e isto fainos perder excelencia. O problema de fondo é que a parte estrutural do PFSUG non é suficiente para financiar adecuadamente a UDC.

O decano da Facultade de Economía e Empresa, profesor **Anxo Calvo**, alude tamén ao intenso debate da COAP e aos subseguintes cambios na proposta, moitos deles debidos tamén ao debate na mesa sindical. Ao seu ver, o proxecto é moi amplo e flexible e permite case que todo porque, ao cabo, o que prevalece son as memorias de verificación. Sobre os créditos teóricos e prácticos, indica que os centros que teñan dificultades para adaptarse a estas novas normas sempre se poden acoller ás memorias do título. Considera que existe un problema de comunicación. Por iso, de prosperar o texto, haberá que o aplicar con flexibilidade, respectando as memorias de verificación e sen alterar o funcionamento dos centros.

A representante do PDI, **María Luisa Sánchez Simón**, explica as razóns polas que a representación unitaria do PDI rexeitou a proposta: (a) contén duras medidas de axuste de persoal, de dubidoso carácter voluntario (porque, ao seu ver, finalmente iranse modificando as memorias) que, de dúas unha: ou se reduce o persoal ou se incrementa a súa dedicación; (b) introduce temas de calado que precisan de reflexión e debate: a calidade do ensino non está desligada dunhas condicións laborais que van empeorar (p.ex., eliminado titorías de grupo reducido, abandonando a aprendizaxe baseada no estudante, non tomando en conta a docencia semipresencial etc.). En conclusión, apoia a flexibilización mais oponse á proposta.

Intervén a seguir o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** para sinalar que a proposta non trata de modificar modelos que na actualidade están a funcionar nos distintos centros: trátase de reforzar a atención ao estudiantado nos primeiros cursos, redistribuíndo a carga docente (tal e como xa se fixo na Facultade de Informática). Sobre as mencións, informa que o texto xa foi corrixido para dicir que as mencións que contén con menos de 10 alumnos seguirán co seu réxime actual. A respecto dos mestrados interuniversitarios afirma que non se impide a existencia de materias duplicadas: o único límite é que esta suplicación non supoña a creación de novas necesidades docentes. Sobre a vixencia da normativa proposta, sinala que cada ano se aproban novas normas de PDA. Sobre a semipresencialidade, lembra que o que se computa é a docencia presencial, computando o esforzo adicional de forma igual á docencia en inglés. Acerca da proporción entre docencia expositiva e interactiva, reitera que o que prevalece é a memoria de verificación. Se os modelos actuais funcionan, pódense manter. En conclusión, flexibilidade, prevalencia das memorias e mantemento dos modelos actuais que funcionen.

Toma a palabra o **reitor** para realizar unha reflexión de carácter xeral. Aceptando que a redacción é mellorable, considera que a interpretación que se está a facer non é a máis adecuada cando se alude a cuestións financeiras que non teñen nada que

ver coa calidade da docencia. Se do que se tratase fose de cumprir o PFSUG bastaría con aplicar estritamente a norma actual (que xa recolle os créditos de 7 horas). Hai que falar de metodoloxía docente: non pode ser que un alumno de primeiro curso teña só 21 horas expositivas para unha materia de seis créditos. O modelo que se propón aposta, co mesmo custo e co mesmo esforzo do profesorado, por incrementar a presencialidade. E reclama, para non facer o debate ao revés, desligar as necesidades docentes do tamaño do cadro de profesorado. Atomizar a actividade de estudantes e profesores non lle fai ben á universidade (faise máis difícil, por exemplo, distribuír semanalmente a docencia). Trátase, en fin, de fornecer un cadro xeral, guiado apenas por consideracións docentes e académicas. E, falando de profesorado, di que non é lóxico que a UDC, cos mesmos ou menos alumnos, teña que contratar cada ano 70 profesores novos. Sobre a semipresencialidade, partindo de que a UDC é unha universidade presencial, procúrase regular, de forma inicial e provisoria, a semipresencialidade.

A decana da Facultade de Filoloxía, a profesora **María Jesús Lorenzo Modia**, recoñece a existencia de mudanzas substanciais entre a versión inicial e a final. Pensa que se xa se está a elaborar un regulamento sobre docencia semipresencial, tal vez sexa mellor deixar sen efecto as consideración que ao respecto se realizan nestas normas de PDA. Critica que non se computen as optativas de menos de 5 estudantes: que vai pasar, pregúntase, cos itinerarios do Mestrado de Lingua, Literatura e Diversidade que non alcancen ese número?

Nona Inés Vilariño, representante do Consello Social, intervén para explicar o seu voto favorable, convencida pola intervención do reitor xa que, confesa, o debate anterior deixáraa preocupada e confundida.

A profesora **Teresa López Fernández** constata que se o mesmo documento deu lugar a lecturas contraditorias, se aclare e se fagan as puntualizacións precisas. Parécelle importante abrir un debate sobre os modelos docentes. Porén, non hai un único modelo. Flexibilidade xa a había e o que se propón xa era posible co sistema anterior. E, ao cabo, o debate afecta ao cadro de persoal da universidade.

O **reitor** recoñece que, con efecto, ao abrigo da norma que propón cada centro pode elaborar un modelo distinto. Mais ese modelo aplícase de forma uniforme do primeiro ao último curso. Por iso quixemos facer unha proposta de modelo que demostrase que é posible mudalo. O profesorado actual vaise ter en conta. O que non se vai poder facer é incrementar o cadro de profesorado cos mestrados. Pide que o debate se centre en cuestión académicas e anuncia que o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente vai comezar unha rolda polos diferentes centros para explicar a normativa.

Logo da correspondente votación, a proposta foi aprobada con 21 votos a favor, 6 en contra e 10 abstencións, segundo figura no **anexo X**.

12. Quenda aberta de intervencións

Toma en primeiro lugar a palabra **Alberto Franco Figueira**, representante do alumnado, para queixarse da retirada de carteis de organizacións de estudantes das paradas do bus, alertar da presenza de policía local no campus, que os festivos da universidade sexan tamén efectivos para o alumnado en prácticas, queixarse de que moitas cualificacións chegan fóra de prazo e non se comunican telematicamente e, finalmente, do estado do viario do campus.

Guillermo Lorenzo, representante do alumnado, manifesta a dificultade de mobilizar e facer campaña entre o alumnado de terceiro ciclo. Sinala que o día das eleccións houbo moitos correos electrónicos preguntando acerca do procedemento de votación. Interésase polo estado do proceso de cambio dos contratos de FPI e FPU e sobre a decisión que a UDC vaia tomar ao respecto. Pregunta cando se van convocar as bolsas predoutorais da Xunta e as de Inditex. A esta última cuestión responde a vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente que foron convocadas o día anterior, 22 de febreiro.

O profesor Luís Castedo Ribas intervén para interesarse pola situación transitoria na atopan neste momento os Departamentos. En particular sinala que no punto 4.1 do Plan Director de Racionalización de Estruturas Académicas da Universidade da Coruña aprobado no Consello de Goberno de 26 de outubro de 2016 di o seguintes:

“Nun prazo de 3 meses desde a aprobación da proposta de racionalización das estruturas académicas polo Consello de Goberno (no caso de Departamentos) ou pola Comunidade Autónoma (no caso de Centros), presentárase ao Consello de Goberno para o seu informe preceptivo unha Resolución Reitoral que incluíra as disposicións precisas para a correcta implementación da creación dos novos departamentos e centros e a parella extinción dos vellos.

Esta disposición reguladora incluíra o réxime transitorio para a elección e composición dos órganos de goberno dos centros e departamentos agregados nos seguintes termos:

O/a Decano/a, Director/a de Centro e Director/a de departamento que provisionalmente asuma o cargo en funcións convocará o proceso de eleccións para a constitución da nova Xunta de Centro ou Consello de Departamento. Mentres non se produza a renovación das representacións, e tamén con carácter provisorio, as xuntas de centro e consellos de departamento a extinguir integrarán aos seus membros natos e electos na xunta de centro e consello de departamento que se cree.”

D. Luis Castedo pregunta pola Resolución Reitoral e polo correspondente informe preceptivo ao que fai referencia o Plan Director.

Así mesmo, sinala que no “Para as eleccións á dirección de departamentos” do apartado V) da resolución reitoral de 21 de febreiro de 2017, pola que se convocan as eleccións para a dirección de centros e departamentos da UDC, dise o seguinte:

“Convocáse consello extraordinario de todos os departamentos da UDC para o día 28 de marzo de 2017. O lugar e a hora concreta de celebración serán fixados pela UADI correspondente, de acordo co decanato ou dirección do centro e comunicado, xunto con esta convocatoria, a todos os membros do departamento.

Este consello extraordinario será presidido polo membro de máis idade presente, actuando como secretario o membro máis novo. No resto, estarase ao disposto no art. 46 do Regulamento Electoral.”

D. Luis Castedo expón que na súa opinión, este epígrafe contravén o Plan Director

O profesor **Miguel Muñoz** interésase polo plan de formación do profesorado, número de prazas e orde de cobertura.

O profesor **Moisés Canle** pregunta polo cambio nas condicións dos contratos FPI e FPU e polo seu impacto na UDC. Interésase tamén polo cambio dos criterios de acreditación, logo da dimisión do director da ANECA; polas fichas de atribucións profesionais, que levan máis de oito anos pendentes de revisión. E dálle os parabéns ao reitor pola rápida reacción para impedir a realización dunha charla pseudocientífica no Paraninfo da UDC.

Xosé Portela, representante do PAS, pregunta en primeiro lugar polo concurso de traslados, dado que o xerente aínda non contestou, afirma, ao requirimento da Xunta de Persoal do 31 de decembro de 2016. Insta ao xerente a cumprir o acordo de convocar no primeiro trimestre de 2017 o proceso de promoción interna. Chama a negociar os servizos mínimos da folga convocada para o día 9 de marzo, demandando flexibilidade do equipo reitoral.

A profesora **Inés Pernas** intervén para agradecer a nova redacción do Regulamento marco de departamentos, depurada de uso sexista da linguaxe.

A representante do PDI, **María Luisa Sánchez Simón**, alerta de que a conversión dos FPI-FPU en contratos de formación suporá que, fronte aos contratos da lei da

ciencia de 4 anos de duración, aqueles van ter unha duración máxima de 4 anos sen posibilidade de renovación.

O **reitor** responde que o MECD fixo o cambio directamente. Que na UDC os contratos de proxectos seguen a ser de obra e servizo e que na UDC hai 40 FPI-FPU afectados. Que o único efecto colateral é a tarxeta sanitaria europea, sen impacto ningún na posibilidade de renovación.

Acrecenta o **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** que as tres universidades galegas solicitaron o cambio no sistema de avaliación das bolsas predoutorais, co fin de que o proceso sexa máis transparente.

Sobre as paradas de bus, o **reitor** informa de que a concesionaria do servizo – Tranvías da Coruña– ten a norma de retirar todos os carteis. Comprométese a tratar a presenza da policía local no campus. Manifesta ser consciente do mal estado do viario, de titularidade da Deputación Provincial. Sobre a OPE, indica que entanto non sexa posible publicar a convocatoria, ao Consello de Goberno só se traerá o número de prazas e os criterios. Sobre o director da ANECA indica que quen non dimitiu é o responsable, é dicir, o de profesorado. Indica que ten a impresión de que o MECD non está a facer nada a respecto das fichas de atribucións profesionais e, sobre a prohibición da charla prevista de Josep Pamiés, di que a decisión foi tomada en canto se soubo da intención de a realizar.

O **xerente**, pola súa parte, manifesta que existe vontade de retomar as negociacións co PAS e, nese sentido, anuncia a convocatoria dunha reunión para o mes de marzo, xunto cunha proposta que permita avanzar na convocatoria do concurso. Sobre a folga, informa que aínda non chegou convocatoria formal ningunha.

Finalmente, o **secretario xeral** informa que xa se deu conta da resolución reitoral e que, sobre a convocatoria de eleccións a departamentos, están a se cumprir as normas da CEPREA.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:45 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e praxe do presidente.

O secretario xeral

Carlos Aymerich Cano

Visto e praxe

O presidente

Julio Abalde Alonso